

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE MONDARIZ-BALNEARIO**

*ANUNCIO da convocatoria e publicación das bases para cubrir por persoal funcionario unha (1) praza de arquitecta/o técnica/o e unha (1) praza de auxiliar de administración xeral, mediante o sistema de concurso-oposición.*

Mediante a Resolución da Alcaldía, do 11 de agosto de 2021, aprobáronse as bases e a convocatoria no marco do proceso de consolidación de emprego temporal, para cubrir por persoal funcionario unha (1) praza de arquitecta/o técnica/o e unha (1) praza de auxiliar de administración xeral, mediante sistema de concurso-oposición.

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra núm. 171, do 6 de setembro de 2021, aparecen integramente publicadas as bases da convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando proceda de conformidade coas bases, publicaranse no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra e no taboleiro de edictos do Concello.

Mondariz-Balneario, 29 de outubro de 2021

José Antonio Lorenzo Rodríguez  
Alcalde

